




Era un neniño de manteiga, bonito coma un caravel.
Ningunha señora podía ollalo sen bicalo.

Vistiðiño coma un príncipe de lenda, tiña un ollar tristeiro
de neno medrado en sedas e bicos.

Os seus traxes primorosos facían do neno un monequiño
para bicar con degaro.

O seu traxe de antroido custaba dous meses de traballo, e
a súa nai revíase de ledicia.

Porque á súa beira tódolos nenos daban mágoa, vistiðiños
con traxes cativos.

E a fermosura do neno foi a súa desgracia.

Pouco a pouco, na quentura dos agarimos, o neno fíxose
mozo. Un mozo cheo de bondade. Unha bondade chea de ino-
cencia.

O mozo entrou nunha academia militar e a súa nai chora-
ba, choraba; mais no fondo do fondo da súa ialma ela ben are-
laba que o seu fillo fose distinto.

E cando chegou vistiido de cadete a nai entoleceu de fa-
chenda. E o mozo seguía coa súa bondade limpa e branca de
neno.

Un día o mozo marchou á guerra por obriga da súa profesión.

E alí caíu ferido de morte. E ó morrer non dixo máis que esta frase tremendamente trágica:

¡Ay, mi mamá!

Don Froitoso non vai polos camiños que levan á verdade, porque sospeita que a verdade ten semellanzas coa morte. Desque os homes do seu tempo foron acedándose pola experiencia, don Froitoso viroulle[s] as costas e fíxose compañeiro dos mozos. Un gran optimista. O día que as súas pernas xa non rexan co seu corpo, chamará nas portas dos médicos, e cando fíque varado nos cobertores, aínda agardará por un miragre da cencia. Todo menos facerse cargo da súa vellez.

Don Froitoso é un home dos que retrasan o reló para retrasa-lo tempo e pecha os ollos cando quer que non o vexan. Todo maxinación e fidalguía, vive no seu derradeiro esforzo de galán. Un galán comprementeiro de barbas de liño e caraveles no bico.

O fidalgo barbuzán ten o espírito limpo como unha estrela. Certo día dixen eu que as monxas dos conventos eran cativas e vellas e don Froitoso fitoume feramente e fíxome calar porque para este vello galán aínda son verdades tódalas fermosas mentiras do romanticismo.

Don Froitoso foi a un baile do antroído pasado e alí topouse cunha criada disfrazada. Tratouna con moita cortesía, sen chisco de ruín intención, sen verbas lixosas, como cómpre tratar ás mulleres... Don Froitoso emparellou coa candonga e

xuntos entraron nun apartamento, e alí o vello comezou a recitar poesías de Bécquer, que a criada escoitou a rir, a rir... Dispois o vello pídenu champán, champán do mellor. E pasadas dúas horas a criada sinteu que lle voaban os miolos, e colléndose a don Froitoso dixo con aflicción:

—¡Ai, que mal me sentou aquel viño branco con gaseosa!

Pero don Froitoso volverá a recitar poesías e a pedir champán nos bailes de tranca.

